



**UNIDADE  
DIDÁCTICA**



# Carabela

Unha historia de Paula Carballeira

Intérpretes: Alba Bermúdez, Davide González, Tone Martínez • Espazo escénico: Diego Valeiras  
Espazo sonoro: Davide González • Deseño iluminación: Nacho Martín • Deseño imaxe: Andrea Ures  
Texto Paula Carballeira • Dirección: Davide González

Coa subvención de:



AGADIC



Colabora:



Distribúe:





*Carabela* conta a historia dunha cociñeira dun barco que naufraga na Illa Pequena de Plástico. Está soa, rodeada de peixes mutantes que lle advirten que son tóxicos, de paxaros que non paran de queixarse por ter comido substancias sintéticas e de verteduras que non alimentan. Para aliviar a tristeza, Carabela constrúe unha nena de plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena. O corazón da Nena de Plástico comeza a latexar con forza para coñecer o que hai máis alá dos peixes mutantes e dos paxaros choromicas e, sobre todo, para axudar a Carabela a saír da illa antes de que morra de fame.

**Dramaturxia:** Paula Carballeira

**Dirección:** Davide González

**Intérpretes:** Alba Bermúdez, Tone Martínez e Davide González

**Escenografía:** Diego Valeiras

**Iluminación e son:** Nacho Martín

### **Idade recomendada**

*Carabela* está pensada para público familiar e infantil a partir de 4 anos.

### **Duración**

50 minutos



**Galeatro** é a primeira compañía de teatro profesional de Carballo. Fundada polos actores Tone Martínez e Alba Bermúdez, ten percorrido gran parte dos centros educativos de Galicia cos seus espectáculos didácticos *De Leria con Castelao*, *O Contador de Contos*, *Contos no Faiado* e *O Xogo das Letras*.

No 2017, coproduce xunto co FIOT, o seu primeiro espectáculo de gran formato *Muiñada*. Á súa vertente artística hai que lle engadir o seu labor de formación teatral, que no último ano chegou a máis de 200 alumnas e alumnos.

Galeatro nace coa intención de achegar as artes escénicas a un público familiar, contando, para isto, con dramaturgas galegas vivas. Así, o seu primeiro espectáculo de gran formato, *Muiñada*, foi escrito por Ana Carreira e o que a continuación presentamos, *Carabela*, por Paula Carballeira.



## OBXECTIVOS

*Carabela* é unha peza da que poden gozar todos os cursos da educación infantil e primaria, con diferentes niveis de lectura. Nesta unidade didáctica preséntanse unha serie de propostas para realizar nas aulas que introducen a obra e complementan os seus contidos desde diferentes campos.

A deterioración do medio ambiente e o cambio climático son os temas fundamentais, sobre os que de seguro se está a traballar nos diferentes niveis educativos. Por iso esta peza teatral e actividades son adecuadas como complemento á formación teórica e traballos que se propoñan no propio currículo escolar.

En resumo, *Carabela* pretende incidir nos seguintes aspectos:

- Fomentar o respecto e a protección ao medio ambiente.
- Concienciar no respecto á fauna e o seu coidado.
- Visibilizar as accións humanas sobre o ecosistema.
- Incidir no “efecto boomerang”: Os seres humanos sofren as consecuencias das súas accións destrutivas: fame, seca, esgotamento de recursos, etc...
- Reivindicar a muller independente, dona das súas decisións e creadora.
- Promover a solidariedade e o traballo en equipo.
- Utilizar o teatro como ferramenta de concienciación social.
- Achegar a novos públicos ao teatro.



## ACTIVIDADES

As propostas que aquí realizamos poden ser escollidas polo profesorado para seren adaptadas a cada idade e nivel escolar. Preséntanse aquí en dúas grandes faixas de idade: unhas para infantil e primeiro ciclo de primaria e outras para o segundo e terceiro ciclo de primaria.

### © Infantil e primeiro ciclo de primaria (1º e 2º)

#### Antes da representación

##### 1. Antes as illas só eran de terra.

Carabela está soa nunha illa de plástico. Sabías que no océano existen enormes moreas de lixo que acaban formando verdadeiras illas? Coa axuda do profesorado imos investigar e amosar algunhas desas illas de plástico en imaxes.

Como acaba ese lixo no océano? Nunha asemblea debatemos sobre as consecuencias de botar lixo na natureza.

Dous dos personaxes da obra de teatro teñen problemas semellantes aos animais das seguintes imaxes. Que lles pasa? Como podemos evitar estas situacións?





*(Joe McDonald/Corbis)*



## **2. Antes o mar era azul, ou verde, ou gris. Da cor do ceo. Da cor das nubes.**

O Peixe mutante ou o Paxaro Choromicas son algúns dos animais mariños que vai encontrar Carabela na illa. Que animais mariños coñeces? Cal é o teu favorito? Debúxao nunha cartolina para facer un mural dun océano na aula.

## **3. Pero chegaron os seres humanos. O mar volveuse perigoso para nós.**

O océano que montamos na clase na anterior actividade vai sufrir o desastre das malas accións humanas. Un petroleiro ameaza con cubri-lo todo de chapapote. Pintaremos de negro as augas do mural que daquela eran azuis, verdes ou grises, da cor do ceo.

Ademais, o lixo que tiramos ao chan, acabou no río e xa chegou ao océano. Imos pendurar no mural residuos que xeremos na propia clase: papeis usados, botes de zume, plásticos...

Pódese deixar o mural até despois de ver a obra de teatro, cando nos poñamos mans á obra para solucionar o problema e limpar o mural.

## **4. Atravesando os océanos sen facer moito barullo**

A rapaza Carabela dá nome á obra de teatro que imos ver. Mais, sabes o que é unha carabela? Investiga do xeito que teñas a man se non o sabes.

Resulta que é un medio de transporte que xa non se usa moito. En grupos imos facer unha tormenta de ideas para lembrar os medios de transporte que coñecemos, aínda que hoxe xa non os vexamos por aí circulando.

Podemos debuxalos e poñelos en común con toda a clase. Agora que refrescamos a memoria, imos pensar que é o que os move: a forza do vento, dun animal, dunha persoa? Estes son elementos que non se esgotan.



Pero hai outros que si, como o petróleo, do que sae a gasolina e outros combustibles. Cales deses medios de transporte que seleccionou a clase se moven con petróleo? Que medio usas para chegar ao colexio?

## Despois da representación



### 1. Unha Nena de plástico

Carabela sentíase soa e por iso decidiu fabricar unha boneca cos residuos que encontrou na illa. Vamos fabricar a nosa propia Nena de plástico!

Existen moitas maneiras de poder realizar xoguetes reutilizando obxectos que xa non nos serven. Coa axuda do profesorado vamos darlle á imaxinación e fabricar a nosa propia Nena ou Neno de plástico.

Na rede existen moitos modelos nos que inspirarnos utilizando por exemplo anacos de botellas de plástico e os seus tapóns.

### 2. Era unha illa de plástico

Despois da tormenta na que naufragou Carabela, as augas revoltas arrastrárona lonxe, até unha illa fóra do común. Sen area nin palmeiras. Unha illa de plástico.

Aínda que ficou soa, logo irán aparecendo varios personaxes, como a propia Nena de plástico que ela mesma crea. Debuxa dous deses personaxes no seguinte cartaz ao que lle podes dar as cores que prefiras.





# Carabela



### **3. Como o latexar dun corazón xigante**

Cando a Nena de Plástico se perdeu na inmensidade da illa de refugallos Carabela ideou un tambor co que chamar por ela como se fosen os latexos do seu corazón. Nós tamén nos imos atopar co latexar dun corazón xigante!

Precisamos dous caldeiros de plástico (serven tamén latas ou tambores) e algo con que bater neles o ritmo. Tamén temos que marcar no chan dez cadrados formando unha ringleira (con xiz, fita adhesiva de cor ou aproveitando o deseño do chan) sobre os que avanzaremos como fichas dun xogo de mesa.

Xogaremos por parellas (pode haber un par delas simultáneas). Cada persoa colocarse en cadanseu extremo da ringleira de cadrados.

Trátase de repetir o ritmo que nos marque o compañeiro como un eco. Se o facemos correctamente, avanzamos un cadrado e pasa a quenda ao colega. Se erramos, volvemos tentalo repetindo o toque dúas veces máis. Se non se consegue repetir o ritmo vólvese un cadrado para atrás. Cando cheguen as dúas persoas ao mesmo cadrado encontraranse cunha aperta. O ritmo debe ter máis dun toque, pero tampouco pode ser moi longo para que sexa fácil de seguir.

### **4. Ser mutante é ser peixe e ter patas?**

O Paxaro Choromicas e o Peixe Mutante cren que os seres humanos tapan o corpo por non teren plumas ou escamas. Cales son os principais características de cada animal?

Para levar os animais á escena hai que incorporar nas vestimentas dos actores diferentes elementos. Deixamos unha listaxe de palabras que se deberán identificar na fotografía e debater na aula cal é a función de cada elemento. Ollo, algún deles repítese e lembra que hai un animal mutante!



*patas, bico, plumas, aletas, ás, peteiro, escamas*



## 5. Quen che aprende esas cousas?

Ao Peixe Mutante a contaminación mudoulle a cor das escamas, pero á Nena de plástico non lle parece unha cor fea e tenta velo polo lado bo. Repasamos este pequeno extracto do diálogo:

PEIXE.- Agora nado de noite e durmo de día, saio a estirar as patas pola illa e as miñas escamas son cor lata oxidada.

NENA.- Ou cor pel de améndoa.

PEIXE.- Que é “améndoa”?

NENA.- A froita da amendoeira.

PEIXE.- Que é “amendoeira”?

NENA.- Unha árbore. De onde cres que saen as froitas?

PEIXE.- Eu que sei! Non hai froitas no mar.

NENA.- Pois pensa que es da cor dos raios do sol á tardiña.

Imos ser pequenas poetas como Carabela, comparando as cores de cousas que vemos na aula con outros elementos que nos lembre esa cor. Por exemplo: laranxa como o zume que tomei esta mañá no almorzo, negro como unha noite sen lúa...

Nunha cartolina inmortalizaremos a nosa comparación cun debuxo e a propia descrición escrita. Ao final da actividade expoñeranse na aula.

## 6. Se quero dicir “croá”, digo “croá”.

Cando a Nena de plástico coñece por primeira vez ao paxaro Choromicas, este sorpréndea cun “croá”. Como esperaríase que falase unha ave?



Toca subir ao escenario e representar os encontros entre os personaxes de Carabela. Imaxina como falaría unha ave ou un peixiño! Improvisa e imita as súas voces. Vai ser divertido!

Lembramos os personaxes: Carabela, Nena de Plástico, Peixe mutante, Paxaro Choromicas, Quenlla voadora e salvaxe, Pantasma escura das bolsas do lixo.



## 7. De promoción!

Que foi o que máis che gustou de *Carabela*? E o que menos? De forma individual cada alumno vai deseñar un cartaz, co que máis lle gustou da peza teatral. Unha vez rematado, diante da clase presentarán a obra de forma breve, como se fosen os protagonistas dun anuncio. Hai que contar por que o público ten que ir ver *Carabela* e por que hai que ir ao teatro en xeral.


## 8. As historias non existen se ninguén as imaxina

Deixamos a Carabela e á Nena de plástico axudada polos seus colegas mariños esperando polo rescate. Mais, como continúa a historia?

Veun avión acudilos? Ou foi un barco? E se ficaron na illa? Volveu aparecer a terrible pantasma das bolsas de lixo? Fixeron novos amigos?

Crearemos entre toda a clase un relato. Por quendas, cada alumno irá engadindo un par de frases á historia e así iremos creando a historia entre todos. Pode facerse de maneira oral, ou xa para o nivel máis avanzado de forma escrita, nunha folla que se vai pasando cada alumno. Ao final da actividade a mestra ou mestre lerá o conto resultante a toda a clase.

*“Carabela esperaba polo rescate abrazada á Nena de plástico, cando escoitou un ruído...”*



## © Segundo e terceiro ciclo de primaria (3º, 4º, 5º e 6º)

### Antes da representación

#### 1. Antes as illas só eran de terra.

Carabela está soa nunha illa de plástico. Sabías que no océano existen enormes moreas de lixo que acaban formando verdadeiras illas? Coa axuda do profesorado imos investigar e amosar algunhas desas illas de plástico en imaxes.

A máis coñecida está no Océano Pacífico, unha acumulación de lixo moito maior que a superficie de toda a península Ibérica e Francia xuntas. Existen vídeos e outras imaxes sobre ela que podemos proxectar na clase. Son fáciles de localizar coas palabras chave “illa de plástico”.



Como acaba ese lixo no océano? Só polo que tiramos no mar os seres humanos? De que outras maneiras? Nunha asemblea debatemos sobre as consecuencias de botar lixo na natureza.

Cales son as consecuencias? Sabías que un 90% das aves mariñas comeron algunha vez plástico? E xa non digamos os peixes!

Con toda esta información imos creando un debate e vendo as ideas previas que o alumnado ten sobre o tema clave.

## 2. O plástico non se come, pero está por todas partes.

Unha vez que o alumnado se informa sobre este problema medioambiental, imos tentar poñerlle remedio no que está da nosa man. Deixamos primeiro que os alumnos expoñan as súas ideas para reducir plásticos.

Desde que se cree o debate vanse proporcionar unhas claves que poden servir de guía. Comentámolas na clase, e deseñamos en cartolinas de forma atractiva uns lemas que se inspiren nas seguintes ideas. Despois pendurámolas na aula para non esquecernos!

1. Reducir o consumo de plásticos na nosa propia casa
2. Reciclar dentro e fóra da casa para darlle unha nova vida aos residuos
3. Escoller materiais degradables, sempre que sexa posible, que se descompoñan e non contaminen
4. Elixir materiais reciclados á hora de facer a compra





### 3. Unha noite, o océano púxose rabioso. Berrou coma nunca.

O quecemento global provocado pola polución ten toda unha serie de consecuencias negativas non só para o ecosistema, senón tamén como efecto *boomerang* para o propio ser humano.

Segundo a fundación Oxfam Intermón, estas son algunhas das consecuencias desta mudanza do clima:

1. Temperaturas máis cálidas
2. Tormentas máis intensas
3. Propagación de doenzas
4. Ondas de calor máis fortes
5. Derretemento dos glaciares
6. Furacáns máis perigosos
7. Mudanza dos ecosistemas
8. Desaparición de especies animais
9. Aumento do nivel do mar
10. Alimentos máis caros

Explicamos estas consecuencias na clase e debatémolas. Despois, fanse dez grupos, un por cada consecuencia, para ilustrar este efecto do quecemento global e así formar un gran mural con eles que se pode expoñer na aula. Unha vez feito, expoñeráse diante dos demais en que consiste esa consecuencia e cales son os elementos que escolleron para describila.

Pódese obter máis información nesta ligazón:

<https://blog.oxfamintermon.org/10-consecuencias-del-calentamiento-global/>





#### **4. Atravesando os océanos sen facer moito barullo**


A rapaza Carabela dá nome á obra de teatro que imos ver. Mais, sabes o que é unha carabela? Resulta que é un medio de transporte que xa non se usa moito. Investiga do xeito que teñas a man como era e como se movía.

En grupos imos facer unha tormenta de ideas para enumerar medios de transporte que coñecemos, aínda que hoxe xa non os vemos por aí circulando.

Podemos debuxalos e poñelos en común con toda a clase. Agora que refrescamos a memoria, imos pensar que é o que os move: a forza do vento, dun animal, dunha persoa? Estes son elementos que se poden renovar.

Pero hai outros que se esgotan, como o petróleo, do que sae a gasolina e outros combustibles. Cales deses medios de transporte que seleccionou a clase se moven con petróleo?

De todos eses medios de transporte, usas algún para chegar ao colexio? Cal sería o menos contaminante? Por que o transporte colectivo contamina menos?



## Despois da representación

### 1. Unha Nena de plástico

Carabela sentíase soa e por iso decidiu fabricar unha boneca cos residuos que encontrou na illa. Vamos fabricar a nosa propia Nena de plástico!

Existen moitas maneiras de poder realizar xoguetes reutilizando obxectos que xa non nos serven. Coa axuda do profesorado vamos darlle á imaxinación e fabricar a nosa propia Nena ou Neno de plástico.

Na rede existen moitos modelos nos que inspirarnos utilizando por exemplo anacos de botellas de plástico e os seus tapóns.

### 2. Aquí hai plástico de sobra

En grupos vamos xuntarnos para facer unha listaxe coa cantidade de plásticos que usamos unha soa vez e despois tiramos ao lixo: nos paquetiños de galletas, botellas de auga, envoltorios de caramelos...

Unha vez temos a listaxe, cantos deses plásticos se poden reutilizar? Se non é o caso, como podemos facer para evitar usar eses plásticos? Que alternativas existen ou inventarías para utilizar menos plásticos? Deste xeito conseguiremos que a illa de plástico sexa cada vez máis pequena.



### 3. Cociña imaxinaria

Carabela é tan boa cociñeira que mesmo saben ben os seus pratos imaxinarios! Hoxe tócanos a nós facer o xantar imaxinario e para iso imos seleccionar os alimentos que compraremos con conciencia medioambiental. Collemos por grupos varios exemplares de publicidade de supermercados para procurar nas súas follas os artigos que menos residuos xeren, é dicir, evitaremos paquetes con envoltorios individuais, froitas envasadas...

Axudándonos da listaxe realizada na actividade anterior imos aplicala para facer un *collage* pegando nunha grande cartolina os elementos que menos lixo creen unha vez que terminemos de facer o xantar. Ten en conta os tres erres: reducir, reciclar e tamén reutilizar.



#### 4. É nova, non parva, fáltanlle palabras.

O paxaro Choromicas non sabe o que é unha amendoeira nin comprende a diferenza entre “último” e “derradeiro”. Porén, chámalle parva á Nena de Plástico por non saber o que é “imprescindible”. E ti, coñeces o seu significado?

Cando non comprendemos algo, iso non quere dicir que sexamos parvos. Efectivamente, fáltannos palabras. Por iso imos facer un xogo, a ver quen pode dicir a palabra máis rara que se lle pase pola cabeza. Cada un explicará o que significa e escribiranse no encerado (non se poden repetir). Unha vez que as teñamos todas votarase a máis rara da clase e marcharemos para casa coa satisfacción de que xa nos faltan menos palabras.



## 5. Quen che aprende esas cousas?

Ao Peixe Mutante a contaminación mudoulle a cor das escamas, pero á Nena de plástico non lle parece unha cor fea e tenta velo polo lado bo. Repasamos este pequeno extracto do diálogo:

PEIXE.- Agora nado de noite e durmo de día, saio a estirar as patas pola illa e as miñas escamas son cor lata oxidada.

NENA.- Ou cor pel de améndoa.

PEIXE.- Que é “améndoa”?

NENA.- A froita da amendoeira.

PEIXE.- Que é “amendoeira”?

NENA.- Unha árbore. De onde cres que saen as froitas?

PEIXE.- Eu que sei! Non hai froitas no mar.

NENA.- Pois pensa que es da cor dos raios do sol á tardiña.

Imos ser pequenas poetas como Carabela, comparando as cores de cousas que vemos na aula con outros elementos que nos lembre esa cor. Por exemplo: laranxa como o zume que tomei esta mañá no almorzo, negro como unha noite sen lúa... Non chega con identificar unha cor cun obxecto, a frase ten que ser un pouco máis elaborada.


Para facelo dunha maneira máis divertida imos crear un círculo coas rapazas e rapaces. A mestra ou mestre dirixe a actividade sendo quen primeiro propón unha cor. Colleremos unha pelota que se irá pasando dun a outro alumno mentres se cronometran dez segundos nunha alarma. Cando termine o tempo e soe, quen teña a bóla nas súas mans será o que teña que realizar esa descrición poética dunha maneira solemne.

## 6. Se tes medo, aínda que sexa pouco, aparezo.

A pantasma das bolsas de lixo aparece cada vez que alguén ten medo ou se sente triste. Pero imos poñerlle solución!

Imos ser agora actrices e actores e formar grupos de 3 alumnos para unha pequena improvisación teatral na aula.

- Unha persoa propón un medo ou unha preocupación posible e ao final deberá tomar unha decisión escoitando ao Paxaro Choromicas e o Peixe Mutante. Pode axudarse do encerado para anotar os pros e contras.
- Outra será o Paxaro Choromicas que sempre está “no peor, nunca no mellor”. Fará o problema máis grande vendo o lado negativo e as posibles malas consecuencias.
- Outra será o Peixe Mutante, que tentará ver o lado positivo. Que cousas boas poden derivar dese problema? Como se pode solucionar?
- Para poñer máis emoción ao asunto, pode haber un cuarto personaxe: a Pantasma de bolsas de lixo, que se achega pouco a pouco cada vez que fala o Paxaro Choromicas, axudando na visión negativa do problema.



## 7. De promoción!

Que foi o que máis che gustou de *Carabela*? E o que menos?

Imaxina que estamos na estrea da obra de teatro, e que sodes as actrices e actores protagonistas. Unha xornalista dun programa cultural quere entrevistarvos para que faledes sobre *Carabela*, sobre a súa mensaxe medioambiental e para que deades motivos ao público para ir ao teatro.

Repartide os roles e adiante! O encerado será o *photocall* de *Carabela*! Para ambientar, tamén podedes decoralo e mesmo sacar fotos con el.



## 8. As historias non existen se ninguén as imaxina

Deixamos a *Carabela* e á Nena de plástico axudada polos seus colegas mariños esperando polo rescate. Mais, como continúa a historia? Pois é a túa decisión!

Escribe o final do relato nun pequeno conto cunha ilustración. Veu un avión acudilos? Ou foi un barco? E se ficaron na illa? Volveu aparecer a terrible pantasma das bolsas de lixo? Fixeron novos amigos?



## Gustaríanos saber o que pensas!

Envíanos as túas suxestións e a túa valoración sobre a representación e sobre as actividades propostas nestas páxinas ao noso enderezo electrónico:

[galeatro@gmail.com](mailto:galeatro@gmail.com)



Autor da unidade didáctica:

Manuel Rial

*Carabela*, unha obra de

  
**GALEATRO**  
*Compañía de teatro*